

GUÍA DOCENTE DE **HARMONÍA DE JAZZ I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: HARMONÍA DE JAZZ I-IV											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Jazz		
CARÁCTER	Formación básica							TIPO DE CLASE	Colectiva		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO						Jazz
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5h.	
ECTS/CUAD.	2	2	2	2					Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Adquisición de habilidades e coñecementos que faciliten a percepción, creación, interpretación e reflexión musical no jazz; asimilación das teorías principais sobre a organización e funcionamento da música e da harmonía no jazz; estudo do repertorio e do contexto estilístico; desenvolvemento do oído, da memoria e da intelixencia musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Implícitos nas probas de acceso ou no(s) cuatrimestre(s) previos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Improvisación, Conxunto, Orquestra, Instrumento, Auditivo
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T8, T11, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X8, X10, X13, X18, X22, X23, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI6, EI7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Asimilación das teorías principais sobre a organización e funcionamento da música e da harmonía no Jazz e a súa aplicación práctica.	T1, T3, T8, T11, T13, X3, X8, X10, X13, X18, X22, X23, X24, EI6, EI7
Adquisición de habilidades e coñecementos que faciliten a percepción, creación, interpretación e reflexión musical no Jazz e a súa aplicación práctica.	T1, T3, T8, T11, T13, X3, X8, X10, X13, X18, X22, X23, X24 EI6, EI7
Estudio do repertorio e do contexto estilístico baixo o punto de vista da harmonía de Jazz, realizacións harmónicas de Jazz Standards.	T1, T3, T8, T11, T13, X3, X8, X10, X13, X18, X22, X23, X24, EI6, EI7
Desenvolvemento do oído, da memoria e da intelixencia musical con atención especial á harmonía de Jazz.	Todas
Preparación para afrontar as demandas da materia "composición e arranxos de Jazz".	T1,2,3,6,8,12,13,15,X1,2,3,8,10,11,13,17,18,21,22,23,24,25,E6

**4. CONTIDOS**

Elementos básicos do sistema da organización tonal
Elementos formais básicos da harmonía
Progresión harmónica
A relación entre maior e menor
A relación escala/ acorde, tensións en maior e menor Os dominantes secundarios
Os dominantes substitutos
Os acordes do VII en maior Os acordes diminuídos O intercambio modal O uso da terceira inversión nas realizacións harmónicas
A modulación
Secuencias e “Constant Structures”
División da oitava en partes iguais
Liñas de Notas Guía (GTL)
Maior vs menor
Breve Inmersión no Contrapunto
Voicings
(Re-)harmonización melódica con voicings Harmonización de melodías con “changes” Reharmonización “Changes”
Harmonía modal

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

Os metodos pedagóxicos adaptaranse as características dos alumnos e á dinámica de cada grupo, favorecendo un ensino personalizado, promovendo a creatividade e o dinamismo, e fomentando a motivación. O fin último é lograr a independencia do alumno por medio do desenvolvemento da personalidade, e do criterio artístico. Partirase dos coñecementos previos, baseándose na aprendizaxe significativa e progresiva. Buscarase a relación coa practica cotiá dos alumnos.

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
5.1.Actividades introdutorias e explicacións complementarias Discurso con explicacións iniciais dunha unidade temática ou exercicio novo. Explicacións sobre aspectos extramusicais ou cuestións relacionadas coa práctica e có estudio. As explicacións complementarias poden ser planificadas polo profesor ou xurdir espontaneamente da situación en clase.	Presencial	Primeira clase de cada unidade temática, e esporádicamente ó longo de cada unha delas.
5.2.Exposición / explicación teórica Exposición e/ou análise da unidade temática ou do exercicio/ estudio nun discurso explicativo do profesor que abarca os aspectos máis relevantes. Permite preguntas por parte do alumnado para aclaración, afondamento matización de aspectos. Pode incluír citacións de fontes escritas.	Presencial	Primeira clase de cada unidade temática, e esporádicamente ó longo de cada unha delas.
5.3. Exposición / exemplificación práctica Exposición/ exemplificación práctica do exercicio, estudio por parte do profesor.	Presencial	Permanente
5.4.Exposición por audición Exposición/ exemplificación do exercicio, estudio, tema ou solo cunha audición ou cun vídeo	Presencial	Segundo a necesidade didáctica



5.5.Práctica individual sobre papel e práctica instrumental e auditiva Realizacións harmónicas e outros exercicios de escritura musical e/ ou harmónica correspondentes aos contidos acadados. Interpretación das realizacións no piano, coa voz e no instrumento propio como referencia auditiva do traballo; audicións.	Presencial/Non- Presencial	Permanente
5.6.Repaso / Control da práctica non presencial. Revisión dos exercicios da práctica individual sobre papel por parte do profesor e examinación oral do alumnado en clase.	Presencial	Permanente
Actividades de avaliación: Inclúense na práctica individual presencial e na aptitude e actitude en clase e no repaso/ control da práctica non presencial, exame escrito.	Presencial/Non- Presencial	Permanente e ao final do cuatrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza e de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación e continua.

O/A alumno/a dispora de dúas convocatorias por cuatrimestre, unha ordinaria e outra extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua, o/a alumno/a acollerase ó disposto no apartado da avaliación alternativa que figure na programación docente da disciplina.

No caso dos/das alumnos/as que non perdan a avaliación continua, valorarase a asistencia as clases, o seu aproveitamento e evolución, as destrezas acadadas, o nivel de comprensión dos contidos teóricos e prácticos, a produción creativa e a actitude na aula e no traballo diario máis o resultado do exame escrito que terá lugar ao final do cuatrimestre.

Deberanse consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación, competencias avaliadas e ponderación nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.